

**RESOLUCIÓN DO PADROADO  
XXVIII EDICIÓN DOS PREMIOS SAN MARTIÑO  
DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA - 2018**

A Asociación Cultural O Brado, por medio da presente, pon no seu coñecemento que o Padroado dos Premios S. Martiño de Normalización Lingüística, celebrou unha reunión onte mércores 24 de outubro para fallar os Premios San Martiño do ano 2018, que serán entregados nun acto aberto a todo o público a segunda semana de novembro **no Teatro Principal da Estrada**.

Os premios, concedéronse, nas súas tres modalidades,

- A Estrada e Comarca de Terra de Montes
- Galicia Enteira
- Toda unha vida.

***Premio á difusión da lingua na comarca  
de Tabeirós Terra de Montes***

Outorgado á **MANUEL PEREIRA VALCÁRCEL**

Poeta estradense, nado en Ouzande, e que reside en Madrid onde traballa de mestre e forma parte do grupo poético BILBAO, dedicado á expresión poética en lingua galega. Manuel Pereira recibe o premio pola súa extensa traxectoria literaria que abrangue tanto o eido da poesía como o da narrativa, e polo labor de promoción e divulgación do noso patrimonio lingüístico e cultural fóra de Galicia.

***Premio á normalización no ámbito galego***

Outorgado á **UXÍA SENLLE**

Uxía é unha das cantantes máis importantes e renovadora da música tradicional galega. Dende os seus tempos no agrupación NA LÚA, Uxía foi dende sempre unha persoa comprometida coa realidade social e cultural do país, tecendo pontes lingüísticas no ámbito da lusofonía. Con máis de 20 discos publicados, Uxía puxo voz aos referentes poéticos galegos por todo o eido internacional en máis de 30 anos de carreira profesional acadando recentemente o Premio da música independente ao mellor álbum do ano 2018 no que interpreta poemas de Uxío Novoneyra.

### ***Premio á normalización durante toda unha vida***

Outorgado a ***XOSÉ MARÍA LEMA***

Catedrático de Xeografía e Historia, toda a súa obra está relacionada coa historia da arte, a etnografía, a lexicografía, a lingüística e a onomástica. Foi profesor-colaborador do ILG e da Dirección Xeral de Política Lingüística e tamén colaborou co Seminario de Didáctica da Historia do ICE da Universidade de Santiago. Ademais do premio extraordinario de doutoramento (1990-1991) da Universidade de Santiago, como investigador recibiu os premios *Pedrón de Ouro de Etnografía* (1976) e o *Antón Losada Diéguez* de Investigación (1994). En 2010 recibiu na Estrada o Premio Xornalístico *Reimóndez Portela*, con cinco artigos en defensa da lingua galega. Por outra banda, é membro, entre outros, da Real Academia Galega e do Museo do Pobo Galego.

#### Membros do Padroado:

*Juan M. Constenla Carbón*

*Henrique Vázquez*

*Lourdes Dono*

*Iván Sanmartín*

*Carlos Andújar*

*Olaia Barreiro*

*Xurxo Andión*

*Luis Ferro*

*Mónica Arca*

A Estrada, 24 de outubro de 2018